

puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ourense, polígono 1 do SU-48, por instancia de Manuel Álvarez González, presidente do Comité de Empresa de Unión Carrocera, S.A. (UNICAR)», aprobado provisionalmente polo Concello de Ourense na súa sesión plenaria do 15 de abril de 1993, por estimar non completo o expediente e a fin de que, se fose o caso, se proceda á elaboración da correspondente memoria xustificativa da modificación e a cumprir en debida forma os pertinentes trámites e mandatos legal e regulamentariamente previstos.

Notifíquese a presente resolución e publíquese a súa parte dispositiva con expresión dos recursos legalmente procedentes.»

O que se fai público para xeral coñecemento e para os efectos oportunos, advertíndose que contra a dita orde, que se transcribe definitiva en vía administrativa, cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, lembrando que se debe comunicar previamente a esta consellería a devandita interposición conforme o artigo 110.3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1995.

José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Política
Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Resolución do 3 de marzo de 1995, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, pola que se dispón a publicación da parte dispositiva da Orde do 2 de iguais mes e ano, pola que se lle presta conformidade ó texto refundido das normas subsidiarias de planeamento do municipio de Cambados (Pontevedra) e se dispón a súa entrada en vigor.

O conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o día 2 de marzo de 1995, dictou a orde que na súa parte dispositiva literalmente di:

«Resolvo: prestarlle conformidade ó texto refundido das normas subsidiarias de planeamento do municipio de Cambados (Pontevedra), referendado por acordo do citado concello adoptado na súa sesión do 3 de decembro de 1994, coas puntualizacións, que non teñen natureza substancial, seguintes:

1ª.—Elimina-la ficha correspondente á unidade de xestión UC-9 (páx. 150 do tomo de normativa urbanística).

2ª.—Nos ámbitos (circundados por solos urbanos do núcleo principal) grafados nos planos de «Ordenación» núms. 1.3 (escala 1/5000) e 2.4, 2.7 e 2.8 (escala 1/1000) que figuran cunha insuficiente descrición da clasificación do solo, deberase precisar e grafar adecuadamente a clasificación correspondente á «Ordenanza 8» do «solo non urbanizable do réxime normal».

3ª.—Nas ordenanzas números: 12, 13 e 16 (páxinas 202 a 205; 205 a 208 e 212 a 214 do tomo de normativa urbanística), deberase facer mención concreta á disposición transitoria cuarta (4ª) da Lei de costas, recollendo o precisado no informe da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente.

4ª.—Suprimir-la ampliación do sector do «A-3» do solo apto para urbanizar (Plano 2.15, de ordenación do núcleo de Cambados: escala 1/1000), a fin de que permaneza como ámbito definitivo e correspondente a tal sector o xa grafado na documentación sometida as aprobacións inicial e provisional.

Así mesmo, resolvo dispoñer tanto a plena incorporación coas puntualizacións sinaladas, do meritado texto refundido ó expediente das normas subsidiarias de planeamento de tal municipio, como parte integrante do mesmo que substitúe e anula toda aquela documentación e extremos que o contradigan, como a pertinencia da súa entrada en vigor en conformidade co disposto nos artigos 124 e 131 do texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana.

Notifíquese a presente resolución e publíquese a súa parte dispositiva con expresión dos recursos legalmente procedentes.»

O que se fai público para xeral coñecemento e para os efectos oportunos, advertíndose que contra a dita orde se poderá interpoñer recurso de reposición como previo ó contencioso-administrativo, ante o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo de un mes, a contar desde o día hábil seguinte ó da súa notificación ou publicación.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 1995.

José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Política
Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 24 de febreiro de 1995 pola que se autoriza a implantación do novo bacharelato nas súas distintas modalidades, en diferentes centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por Orde do 27 de xaneiro de 1994 autorizou